



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE BOLSAS COMEDOR 2021/22

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2021/G003/001104

### ANTECEDENTES:

Considerando a Proposta de resolución da Comisión de Baremación que literalmente se transcribe:

*" (...)A Comisión procede a tratar a reclamación presentada pola interesada con DNI \*\*\*0892\*\*, en data 24 de setembro de 2021 (segundo informe do encargado do rexistro da Corporación emitido o 30 de setembro de 2021), conforme a cal, resumidamente indica que non se tivo en conta a situación laboral de eventual traballando casi todo o ano e a situación sociofamiliar de convivencia con un so proxenitor.*

*De conformidade coa Base 6 que regula o procedemento*

*"i) En caso de incompatibilidade horaria por motivos laborais ou formativos: certificación da empresa contratante ou do centro de formación no que constará o horario laboral/formativo de duración estable e non puntual. Se hai dous proxenitores ou convivientes, a incompatibilidade debe acreditarse para ambos. Estes documentos serán necesarios se se quere acceder aos beneficios indicados na Base 9. (...)"*

*A maior abastanza a Base 6, tamén regula:*

*"(...) 6) En caso de familias monoparentais, certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social (...)"*

*Examinada a reclamación e a solicitude inicial, constátase que a interesada non presenta a documentación acreditativa indicada anteriormente, en consecuencia, procede a súa desestimación.*

*Á vista do exposto, a COMISIÓN DE BAREMACIÓN eleva ao órgano competente a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación/alegación presentada pola interesada con DNI \*\*\*0892\*\*, en data 24 de setembro de 2021, dado que non presenta a documentación acreditativa e esixida nas Bases para ter en conta a situación que reclama/alega, conforme a Base 6 que rexe a convocatoria, transcrita con anterioridade.*

*SEGUNDO.- Elevar a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*EXCLUÍDOS DE FORMA DEFINITIVA:*

*\*\*\*0859\*\*, presenta solicitude fora de prazo.*

*\*\*\*3388\*\* non acadar a puntuación mínima exixida de 10puntos. Base 10.1*

*LISTA DEFINITIVA DE BENEFICIARIOS:*

DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
***6670**	12

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



***0501**	12
***3904**	11
***6814**	11
***9697**	10
***3028**	10
***3031**	10

Constatado co Colexio, o prezo do Bono mensual de comedor é 89 euros por alumno, e 86 euros a partir do segundo fillo/a (de outubro a maio incluídos). Aplicado ao presente caso, resulta que, o resto dos beneficiarios provisionais disfrutarían da bolsa.

[89X7= 623€X8=4984€.](#)"

Visto o informe de fiscalización de conformidade emitido o día 30 de outubro de 2021 pola Sra Interventora.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.- Aprobar** a Proposta de Resolución reflectida na parte expositiva da presente Resolución.

**SEGUNDO.-Desestimar** a reclamación/alegación presentada pola interesada con DNI \*\*\*0892\*\*, en data 24 de setembro de 2021, dado que non presenta a documentación acreditativa e esixida nas Bases para ter en conta a situación que reclama/alega, conforme a Base 6 que rexe a convocatoria, transcrita con anterioridade.

**TERCEIRO.-Excluir os seguintes interesados:**

**\*\*\*0859\*\***, presenta solicitude fora de prazo.

**\*\*\*3388\*\*** non acadar a puntuación mínima exixida de 10puntos. Base 10.1

**CUARTO.- Conceder** a Bolsa de Comedor os seguinte beneficiarios:

DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
***6670**	12
***0501**	12
***3904**	11
***6814**	11
***9697**	10
***3028**	10
***3031**	10



**QUINTO.**- Constatado co Colexio, o prezo do Bono mensual de comedor é 89 euros por alumno, e 86 euros a partir do segundo fillo/a (de outubro a maio incluídos). Aplicado ao presente caso, resulta que, o resto dos beneficiarios provisionais disfrutarían da bolsa.  $89 \times 7 = 623 \text{€}$   $86 \times 8 = 688 \text{€}$ .

**SEXTO.**- Notificar aos interesados coa indicación expresa de que contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

**SÉTIMO.**- Proceder a publicación na páxina Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]